



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO

Tlf: (0034) 986 247 519
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

JOSE LUIS OLAZABAL IBARS, Presidente da **FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA E DISCIPLINAS ASOCIADAS**, **CONVOCA ELECCIÓN**S para a renovación dos órganos de goberno da FGLDA segundo o regulamento electoral e nos prazos estipulados polo calendario electoral:

- 1) Asemblea Xeral
- 2) Comisión Delegada
- 3) Presidencia

Por iso, disólvese a Xunta Directiva que pasa a ser substituída por unha comisión xestora ata a finalización do proceso electoral, segundo recolle o mencionado regulamento.

DATOS RELATIVOS AO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ELECTORAL

- a) **Calendario electoral:** Publicado na web <https://fegaloita.es/federacion/proceso-electoral-2026/>
- b) **Censo electoral provisional:** Publicado na web <https://fegaloita.es/federacion/proceso-electoral-2026/>. Poderanse presentar as reclamacións que se consideren oportunas en relación co censo provisional ante a Xunta Electoral durante un prazo de 10 días naturais desde a publicación.
- c) **Distribución do número de persoas membros da Asemblea Xeral:** De acordo coa distribución inicial establecida no regulamento electoral, o número de representantes por estamento sería o seguinte:
 - a. Entidades deportivas :19 (13 de LOITAS OLIMPICAS, 2 de GRAPPLING-MMA, 2 de DEFENSA PERSOAL POLICIAL, 1 de KRAV MAGA, 1 de SAMBO)
 - b. Deportistas (9) (2 DGAN) (5 de LOITAS OLIMPICAS, 1 de GRAPPLING-MMA, 1 de DEFENSA PERSOAL POLICIAL, 1 de KRAV MAGA, 1 de SAMBO)
 - c. Técnicos (2) (2 de LOITAS OLIMPICAS)
 - d. Xuices (2)



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO

Tlf: (0034) 986 247 519
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

- d) **Data, lugar de celebración e horario das votacións:** A xornada electoral presencial de elección de assembleistas será o 19 de Setembro de 2026 en horario de 09:00 a 13:00.
- a. Mesa electoral de Ourense e Pontevedra: Edificio das Federacións Deportivas en rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, 36209 Vigo
 - b. Mesa electoral de Coruña e Lugo: Hotel Oca Puerta del Camino, C/ Miguel Ferro Caaveiro s/n. 15707 Santiago de Compostela, aberta de 9:00 ata 13:00 horas.)
- e) **Modelos oficiais de sobres e papeletas:** Son os que se detallan no regulamento electoral.
- f) **Regulamento electoral:** Publicado na web <https://fegaloita.es/federacion/proceso-electoral-2026/>
- g) **Procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo:** As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (código do procedemento DE200A). A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante. As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO

Tlf: (0034) 986 247 519
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo. A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do NIF ou documento identificativo equivalente. O envío deberá realizarse, nalgunha das oficinas de Correos, antes do sexto día hábil previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

h) Forma de remisión da documentación á Xunta Electoral: Por correo electrónico (fegaloita@gmail.com) ou correo postal.

i) Composición nominal da Xunta Electoral, prazos para a recusación das persoas membros, así como as direccións postais e electrónicas da Xunta Electoral:

a. Titulares

- Pedro R. Gómez Chausal (Presidente)
- Ana M^a Iglesias Casal (Secretaria)
- M^a Isabel González González

b. Suplentes

- Mario Riveiro Martínez
- M^a Natividad Vila Costas
- Susana García Senra

Prazo para a recusación: 3 días hábiles dende a publicación da convocatoria.



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO

Tlf: (0034) 986 247 519
E-Mail info@fegaloita.es
www.fegaloita.es



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

Dirección Postal:

Xunta Electoral da Federación Galega de Loita e D.A.

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, oficina 6 36209 Vigo

Dirección Electrónica: fegaloita@gmail.com

Vigo, a 08 de xullo de 2026